



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOUS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000015

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día dous de maio de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 198 de data 30 de abril/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25.04.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 25.04.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

2.a.- Licenza de edificación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

“Expte: 165/2019. Tedec: 2024/U022/000007

.- Expte. de obras 165/2019.- [REDACTED] **representado por** [REDACTED]

[REDACTED] **- Para as obras de consolidación estrutural de muro de contención existente, no lugar do Rodo nº 21, parroquia de Pantín cuxa referencia catastral é o nº. 15088A022000370000HO.**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto técnico de construción titulado "Consolidación estrutural de muro de contención" asinado polo arquitecto técnico colexiado núm. 2261 no COAT da Coruña Juan Pablo Feal Miragaya, asinado o día 04.08.2020 e achegado ao expediente o día 15.09.2023 (núm. rex. 202399900001470), que substitúe ao

presentado o día 30.09.2019 (núm. rex. 201999900000391), o día 29.03.2020 (núm. rex. 202090000000147) e o día 11.06.2020 (núm. rex. 202099900000418).

- Nomeamento de técnico director das obras asinado polo mesmo técnico e achegado ao expediente o día 13.03.2024.

Autorizacións sectoriais:

- Autorización da Demarcación de Costas en Galicia (Ministerio para la Transición Ecolóxica), achegada ao expediente o día 29.03.2020 (núm. rex. 202090000000147).
- Informe de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) sobre a non necesariedade de autorización, achegada ao expediente o día 29.03.2020 (núm. rex. 202090000000147).
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (Xunta de Galicia), achegada ao expediente o día 15.09.2023 (núm. rex. 202399900001470).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo non urbanizable de núcleo rural tradicional, zona de edificación residencial illada**.

Ao solo incluído nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, aplicaráselles integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 24 de abril de 2024, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de consolidación estrutural de muro de contención existente, no lugar do Rodo nº 21, parroquia de Pantín cuxa referencia catastral é o nº. 15088A022000370000HO.**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica redactada polo arquitecto técnico **Juan Pablo Feal Miragaya** e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 24 de abril de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **39.631,02 €**, e co seguinte desglose: **Taxas 198,15 €.** **ICIO.- 911,51 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/U022/000007).

2.b.- Licenza de parcelación.-

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.

“Expte 6/2023 Tedec 2023/U018/000007

.- Expte. de parcelación (exp. 06/2023).- **[REDACTED]**
(representado por **[REDACTED]**) - Para licenza de parcelación de finca sita en **Lugar de Outeiro**, parroquia de Lago, no Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

• Proxecto de parcelación de finca realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso de data novembro de 2023.

A parcela obxecto deste proxecto ten a referencia catastral nº 15088A501001200000GU e correspondese coa parcela nº 120 do polígono nº 501 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello.

Asemade a parcela correspondese coa nº 120 do polígono 1 da Concentración parcelaria de Lago.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA A	13.858 m ²	Núcleo Rural	Sup. parcela Bruta	2.377 m ²
			Sup. parcela Neta	2.207 m ²
		Suelo Rústico	Sup. Cesión viales	170 m ²
PARCELA B	2.602 m ²	Núcleo Rural	Sup. parcela Bruta	2.601 m ²
			Sup. parcela Neta	2.400 m ²
			Sup Cesión viales	201 m ²
PARCELA C	2.655 m ²	Núcleo Rural	Sup. parcela Bruta	2.656 m ²
			Sup. parcela Neta	2.434 m ²
			Sup Cesión viales	222 m ²

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 26 de abril de 2024**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 29 de abril de 2024**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación a [REDACTED] para segregar a finca sita en **Lugar de Outeiro, parroquia de Lago, no Concello de Valdoviño**, segundo a documentación presentada e coas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 26 de abril de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **1.260,51 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018/000007).

Fora da orde do día

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación do expediente de contratación, inclúese fóra da Orde do Día.

.-DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES (MERCADO MUNICIPAL).-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Expte.: 2024/C003/000002

Obra: Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba s/n (Mercado municipal)

Aprobado o expediente de contratación de: “Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba s/n (Mercado municipal)” cofinanciado con fondos do plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea –Nexte GenerationEU (PRTR).

Consta a documentación técnica elaborado polo ESTUDIO ANTA ARQUITECTOS S.L.P. cun importe total de 351.854,19 € (IVE incluído); IVE 61.065,60 euros; prezo sen IVE (290.788,59 €).

Licitación: procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 5 de marzo de 2024 a Mesa de contratación en sesión de data 22 de abril de 2024 aperturou e examinou a documentación do sobre A e ao non terse presentado ningún licitador ao procedemento de contratación formulou proposta de declaración de deserta a licitación motivada porque ningún licitador presentou proposta no procedemento de contratación indicado.

Visto o exposto anteriormente e a proposta da Mesa de contratación de data 22 de abril de data 2024, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar deserto o procedemento de contratación de Mellora da eficiencia enerxética do edificio de usos múltiples en Avda. Gándara de Arriba, s/n motivado porque ningún licitador presentou oferta ao devandito procedemento de contratación.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000002).

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/